*corresponsable, sumando más de 6,5 millones de euros, y que van a permitir abordar importantes actuaciones en infraestructuras, infraestructuras tan relevantes como la Ciudad de las TIC, en concesiones de ayudas a clubes y entidades relevantes de la ciudad, algunos, como el Club del Mar que está pasando por una situación absolutamente extraordinaria, y todas las decisiones que ponemos sobre la mesa creo que pueden ser ampliamente compartidas porque todos los grupos en algún momento suscitaron su disposición a apoyar los modificativos que se trajeran a Pleno precisamente, o bien para ampliar capital de EMVSA, o bien para apoyar la Ciudad de las TIC, o bien para apoyar a determinados clubes y entidades. Como no puede ser de otro modo, eso facilita, sin duda alguna, esta tramitación. El Gobierno hace algo que considera que es responsable: garantizar que haya un acuerdo para que las necesidades de la ciudad podan ser atendidas, pero eso no impide, eso no impide la labor constructiva, crítica, sin duda alguna, que lo será, pero constructiva, de los grupos de la Corporación y por eso espero de todos y de todas el voto favorable y unánime, porque son asuntos que entiendo que suscitan un amplio grado de consenso.*

Nesta primeira intervención nada máis e moitas grazas.

*En esta primera intervención nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Comezamos o turno de debate. Señora Faraldo.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Comenzamos el turno de debate. Señora Faraldo.*

**Ás dez horas e vinte e tres minutos sae do Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.**

***A las diez horas y veintitrés minutos sale del Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.***

**Señora Faraldo Calvo**

Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días ós membros do Peno, ós traballadores, á prensa e á veciñanza que nos poda seguir, tanto presencial como por *streaming.*

Trátanse hoxe asuntos neste pleno dos que o primeiro coñecemento que ten esta concelleira foi pola prensa. Polos medios nos enteramos de que precisamente en rolda de prensa a alcaldesa e a portavoz de Marea Atlántica anunciaban un acordo para cambios nos orzamentos da Coruña por un montante de algo máis de 6 millóns e medio, unha modificación de orzamentos municipal xa contemplada dende fai varios meses e necesaria para facer frente a diferentes proxectos e que se materializa cun pacto pechado entre o PSOE e Marea Atlántica. Esto fíxose público este xoves pasado, o día 24 de novembre. Pode ser a miña situación sui géneris neste pleno, pode ser a falta de deferencia ante a mesma, pero a min a noticia colleume, a pesar de todo, desprevenida.

Pero indo polo menudo, nos atopamos cun modificativo dos orzamentos de 6 millóns, algo máis de 6 millóns e medio de euros, insisto, para facer frente a cuestións de necesidade antes de rematar o ano, e así, como se explicou, pois a Cidade das TICs para a mellora de accesos e de subministros leva a mellor partida transferida a través da Universidade da Coruña. Tamén se acorda o tantas veces defendido neste pleno, pois en canto a ampliación da gratuidade das escolas municipais infantís, que despois veremos; cuestións do IMCE; a tan demandada reforma do campo de fútbol de Eirís, catro anos para atender esta reforma, ampliación, cun proxecto xa rematado desde o 2019.

***Señora Faraldo Calvo***

*Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a los miembros del Peno, a los trabajadores, a la prensa y al vecindario que nos pueda seguir, tanto presencial como en línea.*

*Se tratan hoy asuntos en este pleno de los que el primer conocimiento que tiene esta concejala fue por la prensa. Por los medios nos enteramos de que en rueda de prensa la alcaldesa y la portavoz de Marea Atlántica anunciaban un acuerdo para cambios en los presupuestos de A Coruña por un montante de algo más de 6 millones y medio, una modificación de presupuestos municipal ya contemplada desde hace varios meses y necesaria para hacer frente a diferentes proyectos y que se materializa con un pacto cerrado entre el PSOE y Marea Atlántica. Esto se hizo público este jueves pasado, el día 24 de noviembre. Puede ser mi situación sui géneris en este pleno, puede ser la falta de deferencia ante la misma, pero a mí la noticia me cogió, a pesar de todo, desprevenida.*

*Pero yendo por lo menudo, nos encontramos con un modificativo de los presupuestos de 6 millones, algo más de 6 millones y medio de euros, insisto, para hacer frente a cuestiones de necesidad antes de finalizar el año, y así, como se explicó, pues la Ciudad de las TICs para la mejora de accesos y de suministros lleva la mejor partida transferida a través de la Universidad de A Coruña. También se acuerda lo tantas veces defendido en este pleno, pues en cuanto a ampliación de la gratuidad de las escuelas municipales infantiles, que después veremos; cuestiones del IMCE; la tan demandada reforma del campo de fútbol de Eirís, cuatro años para atender esta reforma, ampliación, con un*

*proyecto ya finalizado desde 2019.*

En todo caso, alegrámonos destas medidas e doutras xa mentadas, como os 90.000 € para paliar os problemas do Clube do Mar. A porcentaxe máis alta deste montante para afrontar as subidas de prezo da enerxía e uns 38.000 €, máis menos, para un convenio extraordinario.

*En todo caso, nos alegramos de estas medidas y de otras ya mentadas, como los 90.000 € para paliar los problemas del Club del Mar. El porcentaje más alto de este montante para afrontar las subidas de precio de la energía y unos 38.000 €, más menos, para un convenio extraordinario.*

Como discutir a mellora do servizo BiciCoruña ou os orzamentos que se invistan para crear a bolsa de alquiler dos baixos comerciales? Non ten discusión.

*¿Cómo discutir la mejora del servicio BiciCoruña o los presupuestos que se inviertan para crear la bolsa de alquiler de los bajos comerciales? No tiene discusión.*

Por eso que non ten discusión é máis triste, precisamente, que salga dun pacto pechado, excluínte e sen contar co resto das forzas representadas neste pleno máis alá de como convidadas de pedra. Para un maior consenso e para votar hoxe aquí a favor, non só desde o convencemento —porque é evidente que supoñe unha mellora importante para a cidade—, senón tamén desde a máxima participación. Entendo que entre as dúas forzas xa suman maioría dabondo para a aprobación destos modificativos. Entendo o xogo de forzas, pero non me deixará de sorprender a pouca capacidade de abrir e ampliar espazos para consensos máis amplos. Talvez a xenerosidade non é unha boa compañeira e menos a uns meses das eleccións.

*Por eso que no tiene discusión es más triste, precisamente, que salga de un pacto cerrado, excluyente y sin contar con el resto de las fuerzas representadas en este pleno más allá de como invitadas de piedra. Para un mayor consenso y para votar hoy aquí a favor, no solo desde el convencimiento —porque es evidente que supone una mejora importante para la ciudad—, sino también desde la máxima participación. Entiendo que entre las dos fuerzas ya suman mayoría de sobra para la aprobación de estos modificativos. Entiendo el juego de fuerzas, pero no me dejará de sorprender la poca capacidad de abrir y ampliar espacios para consensos más amplios. Tal vez la generosidad no es una buena compañera y menos a unos meses de las elecciones.*

Deixo para a segunda intervención outras consideracións. Grazas.

*Dejo para la segunda intervención otras consideraciones. Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

Grazas, señora alcaldesa.

Como é habitual, quero saudar en primeiro lugar o público que estea seguindo este pleno a través de *streaming*, as traballadoras e traballadores do Concello e da prensa, e os membros da Corporación.

Hoxe é 29 de novembro, o desexábel sería que a estas alturas a negociación dos novos orzamentos estivese moi avanzada para que o Concello poida dispor de novos orzamentos a comezos de 2023, mais, que eu saiba, o Goberno aínda non iniciou o proceso de diálogo, pese a que o Grupo Municipal do PSG-PSOE nos acordos de investidura que asinou a comezos de mandato —e que no caso do acordo asinado co BNG decidiu romper unilateralmente— se comprometera a iniciar as negociacións no mes de setembro, co cal, moito nos tememos que en 2023 teremos orzamentos prorrogados, e se isto se confirma, a conclusión será que nun mandato que comprende catro exercicios orzamentarios, só haberá orzamentos en dous. Cremos que non é un exemplo de eficacia na xestión, pero hai un problema a maiores: de nada vale orzamentar se logo non se executa, e é unha constante ó longo deste mandato o baixo nivel de execución. Agardamos que non pase o mesmo cos modificativos que agora se debaten, porque hoxe, en vez de novos orzamentos, o que se trae a este pleno é a aprobación dunha serie de modificativos dos orzamentos vixentes dos que se viña falando desde o verán. Non foi sen tempo. Uns modificativos que como os orzamentos vixentes foron froito dun proceso de diálogo entre o PSOE e a Marea excluíndo os demais grupos. Por esa razón, igual que

***Señor Jorquera Caselas***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Como es habitual, quiero saludar en primer lugar al público que esté siguiendo este pleno en línea, a las trabajadoras y trabajadores del Ayuntamiento y de la prensa, y a los miembros de la Corporación.*

*Hoy es 29 de noviembre, lo deseable sería que a estas alturas la negociación de los nuevos presupuestos estuviera muy avanzada para que el Ayuntamiento pueda disponer de nuevos presupuestos a comienzos de 2023, pero, que yo sepa, el Gobierno aún no inició el proceso de diálogo, pese a que el Grupo Municipal del PSG-PSOE en los acuerdos de investidura que firmó a comienzos de mandato —y que en el caso del acuerdo firmado con el BNG decidió romper unilateralmente— se había comprometido a iniciar las negociaciones en el mes de septiembre, con lo cual, mucho nos tememos que en 2023 tendremos presupuestos prorrogados, y si esto se confirma, la conclusión será que en un mandato que comprende cuatro ejercicios presupuestarios, solo habrá presupuestos en dos. Creemos que no es un ejemplo de eficacia en la gestión, pero hay además un problema: de nada vale presupuestar si luego no se ejecuta, y es una constante a lo largo de este mandato el bajo nivel de ejecución. Esperamos que no pase lo mismo con los modificativos que ahora se debaten, porque hoy, en vez de nuevos presupuestos, lo que se trae a este pleno es la aprobación de una serie de modificativos de los presupuestos vigentes de los que se venía hablando desde el verano. No fue sin tiempo. Unos modificativos que como los presupuestos vigentes fueron fruto de un proceso de diálogo entre el PSOE y la Marea*

fixemos cos orzamentos de 2022, o BNG decidiu trasladar ó Goberno as súas propostas, por se as tiña a ben considerar.

*excluyendo a los demás grupos. Por esa razón, igual que hicimos con los presupuestos de 2022, el BNG decidió trasladar al Gobierno sus propuestas, por si tenía a bien considerarlas.*

Tendo en conta que é unha constante nun dos grupos que subscribe este acordo reclamar a exclusividade nas negociacións co Goberno para logo inmediatamente denunciar o sistemático incumprimento, agardamos que de novo non pase o mesmo cos modificativos que agora se debaten, modificativos nos que hai cousas que non nos gostan.

*Teniendo en cuenta que es una constante en uno de los grupos que suscribe este acuerdo reclamar la exclusividad en las negociaciones con el Gobierno para luego inmediatamente denunciar el sistemático incumplimiento, esperamos que de nuevo no pase lo mismo con los modificativos que ahora se debaten, modificativos en los que hay cosas que no nos gustan.*

**Ás dez horas e trinta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.**

***A las diez horas y treinta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.***

Cremos que os 90.000 € que se destinan no Clube do Mar son insuficientes para cubrir os déficits estruturais que o Clube do Mar ten que soportar pola xestión da piscina municipal de Santo Amaro, e quero lembrar que o Clube do Mar non é Supera, nin ningunha outra empresa que ten concesionada a xestión de complexos deportivos municipais. O Clube do Mar é unha entidade sen ánimo de lucro cunha forte raigame social na nosa cidade. Por iso defendemos que se faga un esforzo maior para facer fronte a este problema.

*Creemos que los 90.000 € que se destinan en el Club del Mar son insuficientes para cubrir los déficits estructurales que el Club del Mar tiene que soportar por la gestión de la piscina municipal de San Amaro, y quiero recordar que el Club del Mar no es Supera, ni ninguna otra empresa que tiene concesionada la gestión de complejos deportivos municipales. El Club del Mar es una entidad sin ánimo de lucro con un fuerte arraigo social en nuestra ciudad. Por eso defendemos que se haga un esfuerzo mayor para hacer frente a este problema.*

Hai baixas que nos chaman a atención. Destínanse recursos que inicialmente estaban destinados á musealización da cúpula do parque de San Pedro como centro de interpretación do litoral do golfo Ártabro, a recuperación e posta en valor do espazo natural de interese local da Torre de Hércules. Coincidimos na necesidade de poñer en valor o ENIL da Torre de Hércules, pero constatamos que por segundo mandato

*Hay bajas que nos llaman la atención. Se destinan recursos que inicialmente estaban destinados a la musealización de la cúpula del parque de San Pedro como centro de interpretación del litoral del golfo Ártabro, la recuperación y puesta en valor del espacio natural de interés local de la Torre de Hércules. Coincidimos en la necesidad de poner en valor el ENIL de la Torre de Hércules, pero constatamos que por segundo*

consecutivo a musealización da cúpula do parque de San Pedro ficará sen facer.

Increméntase a dotación para a rehabilitación das coñecidas como “Casas de Franco”. Estamos de acordo, é unha actuación necesaria e urxente que mesmo foi obxecto dunha iniciativa do BNG en Pleno, pero para financiala recórrese a unha importante minorización da partida destinada en 2022 para a reurbanización da rúa de Santo André. Por iso constatamos que un proxecto estrela deste goberno non se materializará neste mandato, como non se realizará neste mandato a anunciada reforma dos Cantóns nin a reforma da rúa Juan Flórez, e con iso, por segundo mandato consecutivo, non se restablecerá o carril bus suprimido polo Goberno municipal do Partido Popular. Como tampouco, por segundo mandato consecutivo, estará concluído o campo de fútbol de Eirís, por moito que nestes modificativos se destinen máis de 644.000 € a un suplemento de crédito para facer posíbel a súa reforma tras o encarecemento de costes e a quebra da adxudicataria inicial, un campo que tería que substituír o desaparecido Agrela II por mor da ampliación da fábrica de Estrella de Galicia, unha operación aprobada hai máis de cinco anos. E dificilmente estará concluída tamén a tan necesaria reposición do sistema de climatización da Fundación Luís Seoane se temos en conta que se derivan ó exercicio 2023 máis de medio millón de euros que estaban orzamentados para executar este ano.

Con todo, e pese as insuficiencias e cos matices que acabo de expresar, estes modificativos son necesarios. Destínanse 3 millóns de euros ó convenio entre o Concello e a

*mandato consecutivo la musealización de la cúpula del parque de San Pedro se quedará sin hacer.*

*Se incrementa la dotación para la rehabilitación de las conocidas como “Casas de Franco”. Estamos de acuerdo, es una actuación necesaria y urgente que incluso fue objeto de una iniciativa del BNG en Pleno, pero para financiarla se recurre la una importante minoración de la partida destinada en 2022 a la reurbanización de la calle de San Andrés. Por eso constatamos que un proyecto estrella de este gobierno no se materializará en este mandato, como no se realizará en este mandato la anunciada reforma de los Cantones ni la reforma de la calle Juan Flórez, y con eso, por segundo mandato consecutivo, no se restablecerá el carril bus suprimido por el Gobierno municipal del Partido Popular. Como tampoco, por segundo mandato consecutivo, estará concluido el campo de fútbol de Eirís, por mucho que en estos modificativos se destinen más de 644.000 € a un suplemento de crédito para hacer posible su reforma tras el encarecimiento de costes y la quiebra de la adjudicataria inicial, un campo que tendría que sustituir el desaparecido Agrela II a causa de la ampliación de la fábrica de Estrella de Galicia, una operación aprobada hace más de cinco años. Y difícilmente estará concluida también la tan necesaria reposición del sistema de climatización de la Fundación Luís Seoane si tenemos en cuenta que se derivan al ejercicio 2023 más de medio millón de euros que estaban presupuestados para ejecutarse este año.*

*Con todo, y pese las insuficiencias y con los matices que acabo de expresar, estos modificativos son necesarios. Se destinan 3 millones de euros al convenio entre el Ayuntamiento y la Universidad de A*

Universidade da Coruña para impulsar a Cidade das TIC, un proxecto de importancia estratéxica para A Coruña e a súa comarca. Chamado a situar a nosa cidade como un polo de referencia no eido das tecnoloxías da información e da comunicación, non pode seguir agardando a que o Concello cumpra coa súa parte, como son necesarios tamén os suplementos de crédito a EMVSA para cubrir as perdas ocasionadas polas encomendas asinadas. Cremos que EMVSA debería de transformarse nunha verdadeira empresa municipal de vivenda, pero se se lle asinan funcións tan variadas como poñer en marcha o complexo deportivo do Castrillón, asumir a xestión de BiciCoruña, das multas de tráfico ou de aparcamentos municipais, ou a creación dunha bolsa de locais para ofertar en aluguer, hai que dotar a EMVSA para que de verdade poida atender estas encomendas.

*Coruña para impulsar la Ciudad de las TIC, un proyecto de importancia estratégica para A Coruña y su comarca. Llamado a situar nuestra ciudad como un polo de referencia en el campo de las tecnologías de la información y de la comunicación, no puede seguir esperando a que el Ayuntamiento cumpla con su parte, como son necesarios también los suplementos de crédito a EMVSA para cubrir las pérdidas ocasionadas por las encomiendas firmadas. Creemos que EMVSA debería transformarse en una verdadera empresa municipal de vivienda, pero si se le firman funciones tan variadas como poner en marcha el complejo deportivo del Castrillón, asumir la gestión de BiciCoruña, de las multas de tráfico o de aparcamientos municipales, o la creación de una bolsa de locales para ofertar en alquiler, hay que dotar la EMVSA para que de verdad pueda atender estas encomiendas.*

Por esa razón, pese a que nestes modificativos no capítulo de altas hai partidas insuficientes e no de baixas déixanse sen recursos actuacións importantes, e pese a que discrepamos da tardanza e do método seguido para que poidan someterse a consideración deste pleno, non nos imos opoñer a súa aprobación.

*Por esa razón, pese a que en estos modificativos en el capítulo de altas hay partidas insuficientes y en el de bajas se dejan sin recursos actuaciones importantes, y pese a que discrepamos de la tardanza y del método seguido para que puedan someterse a consideración de este pleno, no nos vamos a oponer su aprobación.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera.

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

Turno para a Marea Atlántica, señora García.

*Turno para la Marea Atlántica, señora García.*

**Señora García Gómez**

***Señora García Gómez***

Si, moi bo día a todas e a todos, funcionariado, compañeiros e

*Sí, muy buenos días a todas y a todos, funcionariado, compañeros y*

compañeiras de Corporación, ó público que nos vai seguindo e ós medios de comunicación.

*compañeras de Corporación, al público que nos va siguiendo y a los medios de comunicación.*

Estamos a 29 de novembro e se trae a Pleno para aprobación inicial —in extremis, hai que dicir— un modificativo de crédito que entrará en vigor antes de que acabe o ano.

*Estamos a 29 de noviembre y se trae a Pleno para aprobación inicial —in extremis, hay que decir— un modificativo de crédito que entrará en vigor antes de que acabe el año.*

Efectivamente, estamos xa encarando, pois o último mes de 2022. Na fachada traballan as empresas para colgar as luces de Nadal e empeza a recender a turrón e non só a turrón, senón á prorroga orzamentaria, pois non haberá uns orzamentos para 2023 a data 1 de xaneiro. Nós, bueno, dende Marea Atlántica queremos emprazar o Goberno local a que traballe para que A Coruña poda contar cunhas contas e non nos facemos, dalgunha maneira, responsables, pois dos prazos.

*Efectivamente, estamos ya encarando, pues el último mes de 2022. En la fachada trabajan las empresas para colgar las luces de Navidad y empieza a oler a turrón y no solo a turrón, sino a la prórroga presupuestaria, pues no habrá unos presupuestos para 2023 a día 1 de enero. Nosotros, bueno, desde Marea Atlántica queremos emplazar al Gobierno local a que trabaje para que A Coruña pueda contar con unas cuentas y no nos hacemos, de alguna manera, responsables, pues de los plazos.*

Pero hoxe hai no Pleno boas noticias. Tráese, froito dun acordo coa Marea Atlántica, un modificativo de crédito de 6,5 millóns de euros desglosados en varios expedientes de distinta tramitación. No mesmo marco, de acordo coa Marea Atlántica, pois se traerá a continuación a modificación do Regulamento das escolas infantís municipais para ampliar a gratuidade das 6 a 8 horas na rede municipal de escolas infantís e esta semana, pois se aprobou tamén en Xunta de Goberno Local o programa "Mover os baixos" que está tendo aceptación, pois por fin, se implica a administración local, pois nun problema que é unha demanda recorrente por parte da veciñanza dos diferentes barrios. Calquera das tres... dos tres exemplos é unha mostra de que a cidade sae beneficiada, pois cando se chega a acordos e cando eses acordos se executan, se desbloquean e se cumpren.

*Pero hoy hay en el Pleno buenas noticias. Se trae, fruto de un acuerdo con la Marea Atlántica, un modificativo de crédito de 6,5 millones de euros desglosados en varios expedientes de distinta tramitación. En el mismo marco, de acuerdo con la Marea Atlántica, pues se traerá a continuación la modificación del Reglamento de las escuelas infantiles municipales para ampliar la gratuidad de las 6 a 8 horas en la red municipal de escuelas infantiles y esta semana, pues se aprobó también en Junta de Gobierno Local el programa "Mover los bajos" que está teniendo aceptación, pues por fin, se implica la administración local, pues en un problema que es una demanda recurrente por parte del vecindario de los diferentes barrios. Cualquiera de las tres... de los tres ejemplos es una muestra de que la ciudad sale beneficiada, pues cuando se llega a acuerdos y cuando esos acuerdos se ejecutan, se desbloquean y se cumplen.*

Parte dos modificativos que traen o Goberno local a Pleno, pois son modificativos de trámite, outros en aplicación de sentenza e outros incorporan medidas en positivo, medidas proactivas que vou destacar a continuación.

*Parte de los modificativos que traen el Gobierno local a Pleno, pues son modificativos de trámite, otros en aplicación de sentencia y otros incorporan medidas en positivo, medidas proactivas que voy a destacar a continuación.*

Efectivamente, o M2 fai referencia a unha sentenza que hai que cumprir en relación ó mercado Eusebio da Guarda, un pago á empresa Saite que dá pé tamén a que se lle solicite, se lle reclame á empresa Saite as débedas que ten co concello, co cal o balance final pois será próximo a cero.

*Efectivamente, el M2 hace referencia a una sentencia que hay que cumplir en relación al mercado Eusebio da Guarda, un pago a la empresa Saite que da pie también a que se le solicite, se le reclame a la empresa Saite las deudas que tiene con el Ayuntamiento, con lo cual el balance final pues será próximo a cero.*

O modificativo 3, o M3, destaca, entre outras cousas, por incrementar o crédito que vai para rehabilitación das denominadas Casas de Franco no Ventorrillo e a ampliar tamén os fondos dispoñibles para instalacións de enerxías renovables a custa de reducir anualidade da urbanización de San Andrés, pero o groso do modificativo se atopa no M4.

*El modificativo 3, el M3, destaca, entre otras cosas, por incrementar el crédito que va para rehabilitación de las denominadas Casas de Franco en O Ventorrillo y a ampliar también los fondos disponibles para instalaciones de energías renovables a costa de reducir anualidad de la urbanización de San Andrés, pero el grueso del modificativo se encuentra en el M4.*

En primeiro lugar, pois unha partida de 3 millóns de euros para a Cidade das TIC, para a urbanización e accesos na Cidade das TIC, na que me vou deter un momento. Evidentemente o Concello da Coruña apoia e ten que apoiar o proxecto da Cidade das TIC, que se iniciou xa no pasado mandato e que a Marea Atlántica nunca dubidou en apoiar. Froito dese apoio tamén son eses 3 millóns de euros que o Concello destina para obras de reurbanización, pero ese compromiso entendemos que un proxecto pioneiro e que sitúa A Coruña na punta de lanza do sector de base tecnolóxica, ten que ser mutuo, e tamén ese compromiso coa cidade, por eso entendemos que o Goberno invista 3 millóns de euros nesta ocasión para

*En primer lugar, pues una partida de 3 millones de euros para la Ciudad de las TIC, para la urbanización y accesos en la Ciudad de las TIC, en la que me voy a detener un momento. Evidentemente el Ayuntamiento de A Coruña apoya y tiene que apoyar el proyecto de la Ciudad de las TIC, que se inició ya en el pasado mandato y que la Marea Atlántica nunca dudó en apoyar. Fruto de ese apoyo también son esos 3 millones de euros que el Ayuntamiento destina para obras de reurbanización, pero ese compromiso entendemos que un proyecto pionero y que sitúa A Coruña en la punta de lanza del sector de base tecnológica, tiene que ser mutuo, y también ese compromiso con la ciudad, por eso entendemos que el Gobierno invierta 3 millones de euros en*

obras necesarias, pero entendemos tamén que a contrapartida ten que ser, por unha banda, o encaixe da Cidade das TIC nos barrios adxacentes, nomeadamente Pedralonga, Palavea e Eirís, e por outro lado, pois tamén participar dende o Concello, dende a administración local, no que vai ser a evolución urbanística e o encaixe deste proxecto para que non sexa un ovni e para que non sexa unha infraestrutura desencaixada, digamos, do conxunto da cidade. Ten que ser un quid pro quo. Aquí a Marea Atlántica a favor de apoiar e a favor que o compromiso, pois sexa recíproco.

*esta ocasión para obras necesarias, pero entendemos también que la contrapartida tiene que ser, por una parte, el encaje de la Ciudad de las TIC en los barrios adyacentes, concretamente Pedralonga, Palavea y Eirís, y por otro lado, pues también participar desde el Ayuntamiento, desde la administración local, en lo que va a ser la evolución urbanística y el encaje de este proyecto para que no sea un ovni y para que no sea una infraestructura desencajada, digamos, del conjunto de la ciudad. Tiene que ser un quid pro quo. Aquí la Marea Atlántica a favor de apoyar y a favor que el compromiso, pues sea mutuo.*

Outra partida importante que se incorpora neste M4, neste modificativo, é ampliación de crédito de EMVSA que está cargando con proxectos, pois moi importantes para a cidade, xa non só o polideportivo do Castrillón, xa non só a xestión de BiciCoruña, agora coas bicis eléctricas, senón tamén agora as bolsas de aluguer, tanto de vivenda como de baixos comerciais e é evidente que non podemos ter á empresa municipal en situación de precariedade que arrastra e que é necesaria esa ampliación de capital.

*Otra partida importante que se incorpora en este M4, en este modificativo, es ampliación de crédito de EMVSA que está cargando con proyectos, pues muy importantes para la ciudad, ya no solo el polideportivo del Castrillón, ya no solo la gestión de BiciCoruña, ahora con las bicis eléctricas, sino también ahora las bolsas de alquiler, tanto de vivienda como de bajos comerciales y es evidente que no podemos tener a la empresa municipal en situación de precariedad que arrastra y que es necesaria esa ampliación de capital.*

Destacamos tamén o convenio e o reequilibrio que se acorda en relación ó Clube do Mar e outros convenios, tamén, destinados a facilitar a xestión, pois doutras entidades da cidade; a aposta pola economía social a través dunha convocatoria de 200.000 € para apoio a este tipo de entidades; as obras en colexios, 180.000 €; ou a partida destinada para o IMCE, gran parte dela para unhas obras necesarias na cuberta do teatro Rosalía, pero tamén para facilitar as actividades nos barrios e outras obras deste carácter.

*Destacamos también el convenio y el reequilibrio que se acuerda en relación al Club del Mar y otros convenios, también, destinados a facilitar la gestión, pues de otras entidades de la ciudad; la apuesta por la economía social a través de una convocatoria de 200.000 € para apoyo a este tipo de entidades; las obras en colegios, 180.000 €; o la partida destinada para el IMCE, gran parte de ella para unas obras necesarias en la cubierta del teatro Rosalía, pero también para facilitar las actividades en los barrios y otras obras de este carácter.*

O Modificativo 5 é unha cuestión simplemente de trámite que axusta a finalidade dun par de convenios.

*El Modificativo 5 es una cuestión simplemente de trámite que ajusta la finalidad de un par de convenios.*

Son medidas positivas. A Marea Atlántica, por suposto, vai votar a favor e saúda tamén o diálogo produtivo que tivemos co Goberno local, pero non nos conformamos. Sabemos que hai partidas pendentes de execución, sabemos que hai acordos e pactos, sobre todo, pendentes de cumprimento e xa non se trata só de que, efectivamente, os acordos están para cumprirse, senón que consideramos que son medidas que agora mesmo a cidadanía necesita. Estamos falando dos 9 millóns destinadas a políticas de dereito á vivenda, á adquisición de vivenda pública, ó fomento do aluguer social, á rehabilitación e á regulación dos pisos turísticos, son algunhas das medidas contidas nese pacto que está pendente de execución.

*Son medidas positivas. La Marea Atlántica, por supuesto, va a votar a favor y saluda también el diálogo productivo que tuvimos con el Gobierno local, pero no nos conformamos. Sabemos que hay partidas pendientes de ejecución, sabemos que hay acuerdos y pactos, sobre todo, pendientes de cumplimiento y ya no se trata solo de que, efectivamente, los acuerdos están para cumplirse, sino que consideramos que son medidas que ahora mismo la ciudadanía necesita. Estamos hablando de los 9 millones destinadas a políticas de derecho a la vivienda, a la adquisición de vivienda pública, al fomento del alquiler social, a la rehabilitación y a la regulación de los pisos turísticos, son algunas de las medidas contenidas en ese pacto que está pendiente de ejecución.*

Por outra banda, as políticas de enerxía, pois xa non só a constitución da eléctrica municipal, senón o mapa renovables, as instalacións renovables en equipamentos municipais, a oficina de enerxía ou o plan de emprego vinculado á implantación de enerxías renovables, e sobre todo, pois os equipamentos pendentes de execución nos barrios; o centro de día e escola infantil no barrio de Xuxán, a biblioteca de Novo Mesoiro, o centro de saúde de Santa Lucía, que está nun bucle, parece sen fin; a apertura das naves do Metrosidero ou a recuperación de tramos fluviais nos barrios de Feáns e de Palavea, entre outras medidas.

*Por otra parte, las políticas de energía, pues ya no solo la constitución de la eléctrica municipal, sino el mapa renovables, las instalaciones renovables en equipamientos municipales, la oficina de energía o el plan de empleo vinculado a la implantación de energías renovables, y sobre todo, pues los equipamientos pendientes de ejecución en los barrios; el centro de día y escuela infantil en el barrio de Xuxán, la biblioteca de Novo Mesoiro, el centro de salud de Santa Lucía, que está en un bucle, parece sin fin; la apertura de las naves del Metrosidero o la recuperación de tramos fluviales en los barrios de Feáns y de Palavea, entre otras medidas.*

A Marea Atlántica —e xa acabo con isto—, a Marea Atlántica non bloquea, moi ó contrario, ten un rol proactivo e un rol de motor, fai unha oposición exixente, pero responsable, pero

*La Marea Atlántica —y ya acabo con esto—, la Marea Atlántica no bloquea, muy al contrario, tiene un rol proactivo y un rol de motor, hace una oposición exigente, pero responsable, pero*

lembramos e lembraremos que os acordos, efectivamente, están para cumprirse.

*recordamos y recordaremos que los acuerdos, efectivamente, están para cumplirse.*

Nada máis. Moitas grazas.

*Nada más. Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora García, grazas a Marea Atlántica.

*Muchas gracias, señora García, gracias a Marea Atlántica.*

Turno para o Partido Popular, señora Gallego.

*Turno para el Partido Popular, señora Gallego.*

***Señora Gallego Neira***

**Señora Gallego Neira**

*Si, bos días aos compañeiros de Corporación, aos funcionarios municipais, medios de comunicación e a quen segue este pleno.*

Sí, buenos días a los compañeros de Corporación, a los funcionarios municipales, medios de comunicación y a quienes siguen este pleno.

*A un mes de que termine o ano, moi tarde, por fin traen a Pleno o tan anunciado modificativo de crédito. Iso si, como sempre, Xunta de Goberno extraordinaria e urxente, Comisión de Facenda extraordinaria e urxente, e Pleno extraordinario e urxente convocado onte pola tarde.*

A un mes de que termine el año, muy tarde, por fin traen a Pleno el tan anunciado modificativo de crédito. Eso sí, como siempre, Junta de Gobierno extraordinaria y urgente, Comisión de Hacienda extraordinaria y urgente, y Pleno extraordinario y urgente convocado ayer por la tarde.

*Tanto lles custa facer as cousas ben? é tan difícil cumprir os prazos? é tan difícil sentar a falar con todos os grupos, sabendo que nos imos a poñer de acordo? Cantas veces pedimos desde o Partido Popular que se cubra o déficit de EMVSA, a cantidade necesaria para dotar de servizos á Cidade das TIC, axudas para a rehabilitación, o campo de fútbol de Eirís ou o reequilibrio económico do Club do Mar, entre outros asuntos? Moitas veces.*

¿Tanto les cuesta hacer las cosas bien? ¿es tan difícil cumplir los plazos? ¿es tan difícil sentarse a hablar con todos los grupos, sabiendo que nos vamos a poner de acuerdo? ¿Cuántas veces hemos pedido desde el Partido Popular que se cubra el déficit de EMVSA, la cantidad necesaria para dotar de servicios a la Ciudad de las TIC, ayudas para la rehabilitación, el campo de fútbol de Eirís o el reequilibrio económico del Club del Mar, entre otros asuntos? Muchas veces.

*Como non imos estar de acordo en que se inclúan no orzamento? Pois parece que non só é difícil, senón que é imposible, porque o PSOE decidiu*

¿Cómo no vamos a estar de acuerdo en que se incluyan en el presupuesto? Pues parece que no solo es difícil, sino que es imposible, porque el PSOE ha decidido

*desde hai tempo pactar só coa Marea Atlántica e ao ritmo que marca a Marea Atlántica.*

*En canto a algunhas cuestións que queremos destacar dos expedientes, en primeiro lugar, o recoñecemento extraxudicial a favor de Saite por obras adicionais executadas no mercado Eusebio da Garda, que se compensa coa débeda de Saite ao Concello, pois corresponde a un acordo de Xunta de Goberno do Bipartito de maio do 2011, 20 de maio de 2011, é dicir, aprobado en véspera das eleccións municipais. Coas présas, esquecéronse entón de contabilizalo e teñen que facelo agora. Bipartito PSOE-BNG fixo nun mes o que non foi capaz de facer en catro anos. Vénme á cabeza o contrato das obras de urbanización do Parque Ofimático, que asinaron o sábado, xornada de reflexión, de 2011, que foi anulado polo Xulgado co consecuente atraso de anos e anos nas obras; ou o desequilibrio de Nostián, que se asinou en abril de 2011: pagar máis por reciclar menos, e que tamén anulou a Xustiza grazas a que foi o Partido Popular quen o declarou lesivo para os intereses municipais.*

*Inclúese tamén o campo de fútbol de Eirís, un sobrecusto de 644.000 € que se produce fundamentalmente polo incremento dos prezos dos materiais porque houbo que anular o anterior contrato por culpa dos atrasos do Concello. Levamos tempo advertíndoo, se ata estiveron a xogar sen luz. Quero lembrar que é un dos investimentos que deixou previsto o Partido Popular que tiña que estar acabado hai anos e tiña que custar cero euros, e que non foron capaces de facer, como o mercado de Monte Alto ou o mercado-centro de saúde de Santa Lucía, ou o polideportivo do Castrillón, que segue*

desde hace tiempo pactar solo con la Marea Atlántica y al ritmo que marca la Marea Atlántica.

En cuanto a algunas cuestiones que queremos destacar de los expedientes, en primer lugar, el reconocimiento extrajudicial a favor de Saite por obras adicionales ejecutadas en el mercado Eusebio da Guarda, que se compensa con la deuda de Saite al Ayuntamiento, pues corresponde a un acuerdo de Junta de Gobierno del Bipartito de mayo del 2011, 20 de mayo de 2011, es decir, aprobado en víspera de las elecciones municipales. Con las prisas, se olvidaron entonces de contabilizarlo y tienen que hacerlo ahora. Bipartito PSOE-BNG hizo en un mes lo que no fue capaz de hacer en cuatro años. Me viene a la cabeza el contrato de las obras de urbanización del Parque Ofimático, que firmaron el sábado, jornada de reflexión, de 2011, que fue anulado por el Juzgado con el consiguiente retraso de años y años en las obras; o el desequilibrio de Nostián, que se firmó en abril de 2011: pagar más por reciclar menos, y que también anuló la Justicia gracias a que fue el Partido Popular quien lo declaró lesivo para los intereses municipales.

Se incluye también el campo de fútbol de Eirís, un sobrecoste de 644.000 € que se produce fundamentalmente por el incremento de los precios de los materiales porque hubo que anular el anterior contrato por culpa de los retrasos del Ayuntamiento. Llevamos tiempo advirtiéndolo, si hasta estuvieron jugando sin luz. Quiero recordar que es una de las inversiones que dejó prevista el Partido Popular que tenía que estar acabada hace años y tenía que haber costado cero euros, y que no han sido capaces de hacer, como el mercado de Monte Alto o el mercado-centro de salud de Santa Lucía, o el polideportivo del Castrillón,

*sen abrirse, que son outros exemplos da parálise destes sete anos de Marea e PSOE.*

que sigue sin abrirse, que son otros ejemplos de la parálisis de estos siete años de Marea y PSOE.

*Inclúen nos expedientes varios convenios, entre eles o do Club do Mar, cun importe que cremos que non vai ser suficiente, pero botamos en falta outros convenios e axudas para entidades, e sobre todo para autónomos e pemes para crear e manter emprego. Os autónomos da cidade xa están a sufrir a baixada do consumo, mentres ven como se triplica a súa factura da luz ou como se multiplican os prezos das materias primas, do gas, os impostos, cotas á Seguridade Social, etcétera.*

Incluyen en los expedientes varios convenios, entre ellos el del Club del Mar, con un importe que creemos que no va a ser suficiente, pero echamos en falta otros convenios y ayudas para entidades, y sobre todo para autónomos y pymes para crear y mantener empleo. Los autónomos de la ciudad ya están sufriendo la bajada del consumo, mientras ven cómo se triplica su factura de la luz o cómo se multiplican los precios de las materias primas, del gas, los impuestos, cuotas a la Seguridad Social, etcétera.

*Segundo os datos da Seguridade Social, desde setembro do ano pasado ata setembro deste ano, a cidade perdeu 150 autónomos, moitos están ao bordo do peche. En especial vense afectados o comercio, e en concretos, Os Mallos, Monte Alto e o Agra do Orzán.*

Según los datos de la Seguridad Social, desde septiembre del año pasado hasta septiembre de este año, la ciudad perdió 150 autónomos, muchos están al borde del cierre. En especial se ven afectados el comercio, y en concreto, los Mallos, Monte Alto y el Agra del Orzán.

*Hai que incentivar a quen quere abrir un negocio e axudar a que os existentes non pechen, por iso botamos en falta axudas para crear e manter o emprego. O que si aumenta exponencialmente é o gasto en festas. O Imce incrementa o seu orzamento en 725.000 €. Ao orzamento inicial de 6,7 millóns máis o remanente de 880.000 €, hai que sumar agora esta cantidade. Son case 8 millóns e medio de gastos en festas en 2022. Coa que está a caer probablemente non é o mellor momento. De acordo que hai que reformar o teatro Rosalía, pero a maior parte vaise en festas.*

Hay que incentivar a quienes quieren abrir un negocio y ayudar a que los existentes no cierren, por eso echamos en falta ayudas para crear y mantener el empleo. Lo que sí aumenta exponencialmente es el gasto en fiestas. El Imce incrementa su presupuesto en 725.000 €. Al presupuesto inicial de 6,7 millones más el remanente de 880.000 €, hay que sumar ahora esta cantidad. Son casi 8 millones y medio de gastos en fiestas en 2022. Con la que está cayendo probablemente no es el mejor momento. De acuerdo que hay que reformar el teatro Rosalía, pero la mayor parte se va en fiestas.

*En canto ás baixas, quero destacar dúas: unha, a climatización. Dan de baixa para financiar este expediente 500.000 € de climatización da*

En cuanto a las bajas, quiero destacar dos: una, la climatización. Dan de baja para financiar este expediente 500.000 € de climatización de la Fundación Luís

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



*Fundación Luís Seoane que leva 8 anos esperando, e chocante é que esta semana aproban e anuncian aos catro ventos o programa* "Mover os baixos", *que acaban de contarnos, e dan de baixa 900.000 € en menos dunha semana. Ou sexa, apróbano e agora mesmo dano de baixa.*

Seoane que lleva 8 años esperando, y chocante es que esta semana aprueban y anuncian a bombo y platillo el programa "*Mover los bajos*", que acaban de contarnos, y dan de baja 900.000 € en menos de una semana. O sea, lo aprueban y ahora mismo lo dan de baja.

*Pero o máis importante de hoxe non é o que hai, senón o que non hai. Non hai un orzamento novo. Nin está nin se lle espera. O orzamento é o documento máis importante do Concello e non vai haber presuposto o 1 de xaneiro, polo que van prorrogar o actual, e seguramente non o vai a haber ata novo goberno. Isto supón que en 2023 non vai haber convenios para entidades e asociacións terán que negociar un modificativo que ata marzo non vai estar; non vai haber investimentos novos nos barrios; non vai haber diñeiro para accesos ao CHUAC; non vai haber diñeiro para o convenio do porto.*

Pero lo más importante de hoy no es lo que hay, sino lo que no hay. No hay un presupuesto nuevo. Ni está ni se le espera. El presupuesto es el documento más importante del Ayuntamiento y no va a haber presupuesto el 1 de enero, por lo que van a prorrogar el actual, y seguramente no lo va a haber hasta nuevo gobierno. Esto supone que en 2023 no va a haber convenios para entidades y asociaciones tendrán que negociar un modificativo que hasta marzo no va a estar; no va a haber inversiones nuevas en los barrios; no va a haber dinero para accesos al CHUAC; no va a haber dinero para el convenio del puerto.

*Non hai baixada de impostos. Conxelalos co IPC, máximos históricos, coa cesta da compra disparada, cos recibos da luz, gas, combustibles e produtos básicos polas nubes, é como subir, porque non che permite ter máis diñeiro no peto. Si permite ao Concello recadar máis porque se vai a gastar máis, vai pagar máis. Toca baixalos para axudar.*

No hay bajada de impuestos. Congelarlos con el IPC, máximos históricos, con la cesta de la compra disparada, con los recibos de la luz, gas, combustibles y productos básicos por las nubes, es como subir, porque no te permite tener más dinero en el bolsillo. Sí permite al Ayuntamiento recaudar más porque se va a gastar más, se va a pagar más. Toca bajarlos para ayudar.

*Hoxe lemos en prensa que A Coruña é a cidade galega co IBI máis alto, co IBI máis alto, 358,5 € de media, un 25 % por encima da media de Galicia.*

Hoy leemos en prensa que A Coruña es la ciudad gallega con el IBI más alto, con el IBI más alto, 358,5 € de media, un 25 % por encima de la media de Galicia.

*Non hai execución, porque segundo os datos incluídos nos expedientes, a falta dun mes para acabar o ano, só executaron o 15 % do orzamento de investimentos e só o 56 % do orzamento*

No hay ejecución, porque según los datos incluidos en los expedientes, a falta de un mes para acabar el año, solo ejecutaron el 15 % del presupuesto de inversiones y solo el 56 % del presupuesto total. Tienen

*total. Teñen 77 millóns sen gastar para obras nos barrios de case 91 millóns orzados. O orzamento fináncCiase co diñeiro que pagan os cidadáns cos seus impostos, e a realidade é que non se inviste na cidade. Non serve de nada aprobar este modificativo, pintar números, se logo non se executa.*

*O que están a facer nos barrios son lavados de cara. Non hai ningún equipamento novo en ningún barrio desde o Goberno do PP e o diñeiro téñeno aí, pero non están a executar o orzamento, o máis importante que ten que facer un concello. Iso si que é un recorte para os coruñeses, e como dixen antes, non hai axudas para autónomos e pemes para crear e manter emprego, por iso o importante de hoxe non é o que traen, senón o que non traen.*

*Nada máis e moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Gallego.

Turno para o Grupo Socialista, señor Lage.

**Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa.

Bueno, grazas a todos e a todas polas súas aportacións. En primeiro lugar, permítanme que me deteña nas aportacións construtivas que fixo a voceira do Grupo da Marea. Evidentemente, non somos o mesmo grupo político e polo tanto temos visións diferentes en moitos ámbitos, pero creo que o que hai que poñer de manifesto é a responsabilidade para facer viable esta modificación, unha

77 millones sin gastar para obras en los barrios de casi 91 millones presupuestados. El presupuesto se financia con el dinero que pagan los ciudadanos con sus impuestos, y la realidad es que no se invierte en la ciudad. No sirve de nada aprobar este modificativo, pintar números, si luego no se ejecuta.

Lo que están haciendo en los barrios son lavados de cara. No hay ningún equipamiento nuevo en ningún barrio desde el Gobierno del PP y el dinero lo tienen ahí, pero no están ejecutando el presupuesto, lo más importante que tiene que hacer un ayuntamiento. Eso sí que es un recorte para los coruñeses, y como dije antes, no hay ayudas para autónomos y pymes para crear y mantener empleo, por eso lo importante de hoy no es lo que traen, sino lo que no traen.

Nada más y muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Gallego.*

*Turno para el Grupo Socialista, señor Lage.*

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Bueno, gracias a todos y a todas por sus aportaciones. En primer lugar, permítanme que me detenga en las aportaciones constructivas que hizo la portavoz del Grupo de la Marea. Evidentemente, no somos el mismo grupo político y por lo tanto tenemos visiones diferentes en muchos ámbitos, pero creo que lo que hay que poner de manifiesto es la responsabilidad para hacer viable esta modificación, una modificación*

modificación importante que vai a permitir investimentos, investimentos que son relevantes para a cidade e que neste salón de plenos non houbo, digamos, ningunha emenda nin á totalidade. Incluso se se me apura non hai ningunha emenda parcial. Entendo perfectamente, entendo perfectamente que algo teñen que dicir.

*importante que va a permitir inversiones, inversiones que son relevantes para la ciudad y que en este salón de plenos no hubo, digamos, ninguna enmienda ni a la totalidad. Incluso si se me apura no hay ninguna enmienda parcial. Entiendo perfectamente, entiendo perfectamente que algo tienen que decir.*

Señor Jorquera, vostede remiteu unha serie de propostas, é verdade, e eu creo que na maior parte das propostas que presentou son propostas que foron tidas en conta, ou nas que hai un grado de coincidencia importante. Vostede sabe que é así. Chámame a atención cando fai algunha... algún comentario sobre... pois algunha entidade, concretamente cando fala do Clube do Mar dice que hai que facer un esforzo maior, pero vostede non o cuantifica. Que o fai, ó peso? É dicir, como é o esforzo? Eu creo que para pasar de algo máis que facer, digamos, a crítica, hai que sustentar as propostas nalgunhas consideracións, e eu creo que non é moito pedir que se faga con certo rigor. Eu non teño ánimo ningún de, digamos, ter unha discusión con vostede sobre cuantías, o poño como exemplo. Creo que non é o exemplo máis afortunado porque creo que ademais vostede coñece o esforzo feito polo Goberno municipal para resolver unha situación que é absolutamente extraordinaria, absolutamente extraordinaria.

*No podemos más que aplaudir estos cambios y votar, sin duda alguna, a favor, pero no por eso podemos dejar de subrayar un poco la precipitación de la medida que llega con los tiempos en los talones y que lleva a que el propio secretario general del Pleno mencione en su informe la sensibilidad para evitar la generación de incertidumbre jurídica y económica, teniendo en cuenta además la necesaria y obligada modificación de los contratos de las escuelas infantiles.*

que unha vez máis, sendo como foi aprobada a moción en xullo, sobre esta ampliación horaria, coa única abstención do PP, parece que había tempo suficiente para acometer esta medida, lonxe da premura actual.

*Parece que una vez más, siendo como fue aprobada la moción en julio, sobre esta ampliación horaria, con la única abstención del PP, parece que había tiempo suficiente para acometer esta medida, lejos de la premura actual.*

En todo caso, insistir no favorable deste acordo e, polo tanto, no noso voto a favor.

*En todo caso, insistir en lo favorable de este acuerdo y, por lo tanto, en nuestro voto a favor.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para o BNG, señora Veira.

*Turno para el BNG, señora Veira.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Grazas, señora alcaldesa. Moi bo día.

*Gracias, señora alcaldesa. Muy buenos días.*

Neste asunto da orde do día desde o BNG imos votar a favor. Levamos tempo demandando que o Goberno local implemente as 8 horas de balde nas escolas infantís municipais. Xa cando se aprobou o Regulamento de organización e funcionamento da rede de escolas infantís municipais dixemos que 6 horas eran insuficientes para garantir a gratuidade dunha xornada habitual dos nenos e nenas nunha escola infantil para que esta sexa verdadeiramente unha ferramenta de conciliación, mais sobre todo reclamámolo toda vez que a Xunta de Galiza puxo en marcha a gratuidade da xornada de 8 horas para todas as escolas infantís no noso país. Independentemente de que obviamente cuestionemos que a política da Xunta de Galiza de cubrir esta gratuidade nas escolas privadas vaia moito máis axiña que o ritmo de implementación de prazas públicas na nosa cidade, porque

*En este asunto del orden del día desde el BNG vamos a votar a favor. Llevamos tiempo demandando que el Gobierno local implemente las 8 horas gratuitas en las escuelas infantiles municipales. Ya cuando se aprobó el Reglamento de organización y funcionamiento de la red de escuelas infantiles municipales dijimos que 6 horas eran insuficientes para garantizar la gratuidad de una jornada habitual de los niños y niñas en una escuela infantil para que esta sea verdaderamente una herramienta de conciliación, pero sobre todo lo reclamamos toda vez que la Xunta de Galicia puso en marcha la gratuidad de la jornada de 8 horas para todas las escuelas infantiles en nuestro país. Independientemente de que obviamente cuestionemos que la política de la Xunta de Galicia de cubrir esta gratuidad en las escuelas privadas vaya mucho más rápido que el ritmo de implementación de plazas públicas en nuestra ciudad,*

na Coruña —como sinalou tamén o señor Lage— levan anos sen implementar nin unha soa praza pública, cando hai barrios que claramente están infradotados. Independentemente de que a fórmula e as condicións para que un concello acceda á gratuidade sexa un auténtico despropósito. Para comezar porque a Xunta obriga os concellos a igualar os seus prezos polos servizos complementarios, o que no noso caso obriga a elevar algunhas contías, mais tamén porque o cálculo da subvención que recibe o Concello polas horas de balde no noso caso é só polas 2 horas de diferenza entre as 6 que ofrece o propio Concello da Coruña e as 8 totais. Ou sexa, castigados por implementar as 6 horas de gratuidade e máis, tamén, porque a subvención ó Concello se calcula en función das rendas das nais e dos pais que teñen as crianzas nas escolas infantís municipais, co cal a complexidade na solicitude da subvención é importante.

*porque en A Coruña —como señaló también el señor Lage— llevan años sin implementar ni una sola plaza pública, cuando hay barrios que claramente están infradotados. Independientemente de que la fórmula y las condiciones para que un ayuntamiento acceda a la gratuidad sea un auténtico despropósito. Para comenzar porque la Xunta obliga los ayuntamientos a igualar sus precios por los servicios complementarios, lo que en nuestro caso obliga a elevar algunas cuantías, pero también porque el cálculo de la subvención que recibe el Ayuntamiento por las horas gratuitas en nuestro caso es solo por las 2 horas de diferencia entre las 6 que ofrece el propio Ayuntamiento de A Coruña y las 8 totales. O sea, castigados por implementar las 6 horas de gratuidad y más, también, porque la subvención al Ayuntamiento se calcula en función de las rentas de las madres y de los padres que tienen los niños en las escuelas infantiles municipales, con lo cual la complejidad en la solicitud de la subvención es importante.*

**Ás once horas e trinta e tres minutos sae do Salón de Sesións o señor Borrego Vázquez**

***A las once horas y treinta y tres minutos sale del Salón de Sesiones el señor Borrego Vázquez.***

Nós estamos de acordo coa gratuidade porque, evidentemente, favorece as nais e os pais, sobre todo no momento económico no que nos atopamos, mais como dicía, desde o BNG estamos de acordo, como o resto dos grupos, e levamos tempo reclamando esta gratuidade de 8 horas nas escolas infantís municipais, sobre todo porque supuña un agravio comparativo a respecto doutras escolas da cidade, e por iso, como levamos tempo demandándoo, non entendemos que veña a este pleno de maneira extraordinaria e urxente, e sobre todo mareando sobre en que comisión se tiña

*Nosotros estamos de acuerdo con la gratuidad porque, evidentemente, favorece a las madres y los padres, sobre todo en el momento económico en el que nos encontramos, pero como decía, desde el BNG estamos de acuerdo, como el resto de los grupos, y llevamos tiempo reclamando esta gratuidad de 8 horas en las escuelas infantiles municipales, sobre todo porque suponía un agravio comparativo respecto a otras escuelas de la ciudad, y por eso, como llevamos tiempo demandándolo, no entendemos que venga a este pleno de manera extraordinaria y urgente, y sobre todo mareando sobre en qué comisión tenía*

que ditaminar o asunto, e moito menos entendemos que veña sen un estudo económico de como van impactar estas 8 horas de balde nos contratos vixentes. Botamos de menos no expediente que haxa unha maior explicación ou un estudo económico sobre este impacto. Botamos de menos que estea nun trámite avanzado a modificación dos contratos das empresas que xestionan as escolas infantís municipais, porque o cálculo do contrato está feito sobre a base de 8 horas de gratuidade e vaise dar un paradoxo importante: que a xente vai ter dereito á gratuidade das 8 horas desde que entre en vigor esta modificación mentres as escolas infantís manterán un contrato calculado sobre 6 horas. Entón, non van percibir as contías dos pais e das nais que cubran esas dúas horas de diferenza, nin as vai percibir por parte do Concello porque os contratos aínda non están modificados. Así o advirte o interventor no seu informe e por iso nesta quenda de intervencións solicitámoslle ó Goberno local que aclare neste momento cales van ser os pasos que vai dar para garantir que esta decisión que imos tomar hoxe non provoque un desequilibrio económico ás concesionarias e nos indique, por favor, cando vai dar estes pasos.

*que dictaminarse el asunto, y mucho menos entendemos que venga sin un estudio económico de cómo van a impactar estas 8 horas gratuitas en los contratos vigentes. Echamos de menos en el expediente que haya una mayor explicación o un estudio económico sobre este impacto. Echamos de menos que esté en un trámite avanzado la modificación de los contratos de las empresas que gestionan las escuelas infantiles municipales, porque el cálculo del contrato está hecho sobre la base de 8 horas de gratuidad y se va a dar una paradoja importante: que la gente va a tener derecho a la gratuidad de las 8 horas desde que entre en vigor esta modificación mientras las escuelas infantiles mantendrán un contrato calculado sobre 6 horas. Entonces, no van a percibir las cuantías de los padres y de las madres que cubran esas dos horas de diferencia, ni las va a percibir por parte del Ayuntamiento porque los contratos aún no están modificados. Así lo advierte el interventor en su informe y por eso en este turno de intervenciones le solicitamos al Gobierno local que aclare en este momento cuales van a ser los pasos que va a dar para garantizar que esta decisión que vamos a tomar hoy no provoque un desequilibrio económico a las concesionarias y nos indique, por favor, cuando va a dar estos pasos.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Ás once horas e trinta e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.**

***A las once horas y treinta y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira, grazas ó BNG.

*Muchas gracias, señora Veira, gracias al BNG.*

Turno para a Marea Atlántica, señora Cameán.

*Turno para la Marea Atlántica, señora Cameán.*

**Ás once horas e trinta e seis minutos sae do Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

**Señora Cameán Calvete**

Si, moitísimo... moitísimas grazas, señora alcaldesa. Moi bo día a todas, a todes e a todos.

Tráese a aprobación a modificación do Regulamento das escolas infantís municipais coa finalidade fundamentalmente de ampliar a gratuidade de atención de 6 a 8 horas. É unha medida que levamos moitísimo tempo demandando, coherente co xa pactado anteriormente, coherente co que fixemos tamén no anterior mandato dende o Goberno da Marea Atlántica e que, por suposto, imos apoiar porque forma parte dos acordos pactados.

Queremos lembrar, como xa dicía, que no anterior mandato as tarifas das escolas infantís municipais foron rebaixadas moi notablemente, case nun 90 %, e foi feito así cun fin, que foi o de asegurar que as familias con menos recursos tivesen acceso a esta etapa educativa, mais consideramos tamén que era preciso continuar avanzando durante o actual mandato, non? Foi por iso que un dos acordos do pacto de investidura asinado entre a Marea Atlántica e o PSdeG-PSOE foi a gratuidade nas escolas infantís municipais. Foi un acordo que despois de varios meses, semanas de traballo, fíxose realidade o día 6 de agosto de 2020, mediante a súa publicación no BOP. Este novo regulamento, ademais de recoller a gratuidade na atención educativa, estableceu avances de especial relevancia que hoxe queremos lembrar aquí, nada máis que algúns

***A las once horas y treinta y seis minutos sale del Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

***Señora Cameán Calvete***

*Sí, muchísimo... muchísimas gracias, señora alcaldesa. Muy buenos días a todas, la todes y a todos.*

*Se trae a aprobación la modificación del Reglamento de las escuelas infantiles municipales con la finalidad fundamentalmente de ampliar la gratuidad de atención de 6 a 8 horas. Es una medida que llevamos muchísimo tiempo demandando, coherente con lo ya pactado anteriormente, coherente con lo que hicimos también en el anterior mandato desde el Gobierno de la Marea Atlántica y que, por supuesto, vamos a apoyar porque forma parte de los acuerdos pactados.*

*Queremos recordar, como ya decía, que en el anterior mandato las tarifas de las escuelas infantiles municipales fueron rebajadas muy notablemente, casi en un 90 %, y fue hecho así con un fin, que fue el de asegurar que las familias con menos recursos tuvieran acceso a esta etapa educativa, pero consideramos también que era preciso continuar avanzando durante el actual mandato, ¿no? Fue por eso que uno de los acuerdos del pacto de investidura firmado entre la Marea Atlántica y el PSdeG-PSOE fue la gratuidad en las escuelas infantiles municipales. Fue un acuerdo que después de varios meses, semanas de trabajo, se hizo realidad el día 6 de agosto de 2020, mediante su publicación en el BOP. Este nuevo reglamento, además de recoger la gratuidad en la atención educativa, estableció avances de especial relevancia que hoy queremos recordar aquí, nada*

deles.

En primeiro lugar, a aposta pola lingua galega; en segundo lugar, o recoñecemento do ensino de 0 a 3 anos como parte integral da educación pública; en terceiro lugar o fomento de valores como a igualdade, a diversidade, a protección do medio ambiente, a alimentación saudable; en cuarto lugar, a creación dun consello de participación como órgano participativo da comunidade educativa; en quinto lugar, o recoñecemento ó labor fundamental das súas traballadoras mediante a obriga do Concello de exixir ás empresas o cumprimento da normativa laboral vixente, entre outras moitas cousas, non?

Foi, como dicía, un avance importante, importante porque afectou ademais a 830 familias e A Coruña é certo que foi pioneira, foi a cidade de Galicia pioneira e a primeira en articular esta medida, non?

**Ás once horas e trinta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

Celebramos, como xa fixemos no seu momento, que a Xunta de Galicia posteriormente se sumase a esta medida na que, como dicía, A Coruña foi pioneira, pero non obstante é certo e hai que dicilo que durante este curso escolar a rede municipal e a rede autonómica ofertaron un número distinto de horas gratuítas, non? e eso, pois dende logo implicou xa non só un agravio comparativo para as familias, senón que incluso tamén cremos que unha posible discriminación.

Foi por iso que fomos dende a Marea Atlántica moi insistentes, mediante diversas iniciativas que presentamos

*más que algunos de ellos.*

*En primer lugar, la apuesta por la lengua gallega; en segundo lugar, el reconocimiento de la enseñanza de 0 a 3 años como parte integral de la educación pública; en tercer lugar el fomento de valores como la igualdad, la diversidad, la protección del medio ambiente, la alimentación saludable; en cuarto lugar, la creación de un consejo de participación como órgano participativo de la comunidad educativa; en quinto lugar, el reconocimiento a la labor fundamental de sus trabajadoras mediante la obligación del Ayuntamiento de exigir a las empresas el cumplimiento de la normativa laboral vigente, entre otras muchas cosas, ¿no?*

*Fue, como decía, un avance importante, importante porque afectó además a 830 familias y A Coruña es cierto que fue pionera, fue la ciudad de Galicia pionera y la primera en articular esta medida, ¿no?*

***A las once horas y treinta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

*Celebramos, como ya hicimos en su momento, que la Xunta de Galicia posteriormente se sumara a esta medida en la que, como decía, A Coruña fue pionera, pero no obstante es cierto y hay que decirlo que durante este curso escolar la red municipal y la red autonómica ofertaron un número distinto de horas gratuitas, ¿no? y eso, pues desde luego implicó ya no solo un agravio comparativo para las familias, sino que incluso también creemos que una posible discriminación.*

*Fue por eso que fuimos desde la Marea Atlántica muy insistentes, mediante diversas iniciativas que presentamos en*

neste pleno en xuño, en xullo e en setembro, e insistíamos precisamente na necesidade de que o Goberno local ampliase de 6 a 8 horas a gratuidade nas escolas infantís municipais, non? precisamente, pois para que estas familias coruñesas que optaron pola rede municipal non se visen prexudicadas.

*este pleno en junio, en julio y en septiembre, e insistíamos precisamente en la necesidad de que el Gobierno local ampliara de 6 a 8 horas la gratuidad en las escuelas infantiles municipales, ¿no? precisamente, pues para que estas familias coruñesas que optaron por la red municipal no se vieran perjudicadas.*

Por tanto, hoxe estamos de celebración. Parécenos unha boa nova que se aprobe a modificación do Regulamento atendendo as nosas reivindicacións, atendendo tamén as demandas das propias familias e apostando por un servizo público que é absolutamente esencial, mais queremos facer tamén unha advertencia: é preciso que se modifiquen á maior brevidade os actuais contratos da rede de escolas infantís municipais e que non se demoren nin un minuto en facer iso, tal e como advirte o propio interventor municipal no seu informe.

*Por tanto, hoy estamos de celebración. Nos parece una buena noticia que se apruebe la modificación del Reglamento atendiendo nuestras reivindicaciones, atendiendo también las demandas de las propias familias y apostando por un servicio público que es absolutamente esencial, pero queremos hacer también una advertencia: es preciso que se modifiquen a la mayor brevedad los actuales contratos de la red de escuelas infantiles municipales y que no se demoren ni un minuto en hacer eso, tal y como advierte el propio interventor municipal en su informe.*

Igualmente, como xa saben, somos críticas, somos críticas no avance de determinados acordos, sobre todo no eido educativo. Nos acordos refírome ós orzamentos do ano en curso. Neste sentido, acordamos diversas medidas que non se cumpriron, por exemplo, por un importe de 150.000 € está pendente a redacción dun proxecto que aborde a creación dun espazo interxeracional no barrio de Xuxán que combine un centro de día para maiores cunha nova escola infantil municipal. Nada sabemos desta cuestión. Acordamos tamén a posta en marcha dun novo programa educativo pola diversidade e a non violencia con Ibrahima e Magatte, por importe de 75.000 €, nada sabemos. Un reforzo de programas educativos de prevención das violencias machistas dotado de 60.000 € e nada sabemos.

*Igualmente, como ya saben, somos críticas, somos críticas en el avance de determinados acuerdos, sobre todo en el campo educativo. En los acuerdos me refiero a los presupuestos del año en curso. En este sentido, acordamos diversas medidas que no se cumplieron, por ejemplo, por un importe de 150.000 € está pendiente la redacción de un proyecto que aborde la creación de un espacio intergeneracional en el barrio de Xuxán que combine un centro de día para mayores con una nueva escuela infantil municipal. Nada sabemos de esta cuestión. Acordamos también la puesta en marcha de un nuevo programa educativo por la diversidad y la no violencia con Ibrahima y Magatte, por importe de 75.000 €, nada sabemos. Un refuerzo de programas educativos de prevención de las violencias machistas dotado de 60.000 € y nada sabemos.*

E, por último, queremos insistir tamén en algo que xa trouxemos en diversas ocasións a este pleno municipal, non? que é a necesidade de recuperar esas 95 prazas públicas que se perderon coa saída da Escola Infantil Carmen Cervigón, non? Queremos pedirlle e insistir para que o Goberno local, pois leve a cabo as medidas oportunas que aseguren que esta escola volve a formar parte da rede pública municipal.

*Y, por último, queremos insistir también en algo que ya trajimos en diversas ocasiones a este pleno municipal, ¿no? que es la necesidad de recuperar esas 95 plazas públicas que se perdieron con la salida de la Escuela Infantil Carmen Cervigón, ¿no? Queremos pedirle e insistir para que el Gobierno local, pues lleve a cabo las medidas oportunas que aseguren que esta escuela vuelve a formar parte de la red pública municipal.*

**Ás once horas e corenta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Borrego Vázquez.**

***A las once horas y cuarenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Borrego Vázquez.***

Como xa ven, dende a Marea Atlántica non temos ningún problema en cooperar, non temos ningún problema en chegar a acordos, en cumprir coa nosa palabra, pero non podemos gobernar, así que queremos exixirlles que cumpran coa palabra dada, que cumpran con estes acordos pendentes e, como xa sinalei, votaremos a favor.

*Como ya ven, desde la Marea Atlántica no tenemos ningún problema en cooperar, no tenemos ningún problema en llegar a acuerdos, en cumplir con nuestra palabra, pero no podemos gobernar, así que queremos exigirles que cumplan con la palabra dada, que cumplan con estos acuerdos pendientes y, como ya señalé, votaremos a favor.*

Máis nada, moitas grazas.

*Más nada, muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Cameán, grazas á Marea Atlántica.

*Muchas gracias, señora Cameán, gracias a la Marea Atlántica.*

Turno para o Partido Popular, señor Varela.

*Turno para el Partido Popular, señor Varela.*

***Señor Varela Vázquez***

**Señor Varela Vázquez**

*Grazas, señora alcaldesa, e bos días.*

Gracias, señora alcaldesa, y buenos días.

*Señor Lage, desde o máis profundo espírito do Nadal que nos pide a todos, o PP fixo o Agra, a escola infantil do Agra e tamén, evidentemente, nesa etapa estivo, fíxose a da Fundación Ortega, a de Amancio Ortega, e tamén lle quero dicir que en sete anos e máis*

Señor Lage, desde el más profundo espíritu navideño que nos pide a todos, el PP hizo el Agra, la escuela infantil del Agra y también, evidentemente, en esa etapa estuvo, se hizo la de la Fundación Ortega, la de Amancio Ortega, y también le quiero decir que en siete años y más de

*de 1.5000 millóns nin a Marea nin vostedes fixeron nada, cero. Dous cero, que estamos no mundial. Desde o máis profundo espírito do Nadal.*

1.5000 millones ni la Marea ni ustedes hicieron nada, cero. Dos cero, que estamos en el mundial. Desde el más profundo espíritu navideño.

*Seguimos. Tal e como nos comprometemos, no Pleno do pasado 8 de setembro e en sucesivas rodas e comunicados de prensa, o Partido Popular vai votar favorablemente a proposta de modificación do Regulamento das escolas infantís municipais presentada hoxe neste pleno para solicitar as axudas da Xunta e así conseguir que as familias coruñesas con menores escolarizados nestes centros dispoñan de 8 horas gratuítas de atención educativa en igualdade de condicións coas familias das escolas infantís autonómicas da nosa cidade que xa as están gozando desde o inicio do vixente curso escolar.*

Seguimos. Tal y como nos comprometimos, en el Pleno del pasado 8 de septiembre y en sucesivas ruedas y comunicados de prensa, el Partido Popular va a votar favorablemente la propuesta de modificación del Reglamento de las escuelas infantiles municipales presentada hoy en este pleno para solicitar las ayudas de la Xunta y así conseguir que las familias coruñesas con menores escolarizados en estos centros dispongan de 8 horas gratuitas de atención educativa en igualdad de condiciones con las familias de las escuelas infantiles autonómicas de nuestra ciudad que ya las están disfrutando desde el inicio del vigente curso escolar.

*Dous anos e catro meses despois da aprobación deste regulamento proponse a súa modificación en seis artigos e unha disposición transitoria cos seguintes obxectivos prioritarios: ampliar a gratuidade das 6 ás 8 horas de atención educativa, estendela a todos os usuarios, residan ou non no Concello; eliminar custo de referencia da praza escolar, a partir de agora determinado pola oferta de prezo de licitación; e adaptar outros aspectos do Regulamento á normativa da Xunta, órgano competente nesta materia.*

Dos años y cuatro meses después de la aprobación de este reglamento se propone su modificación en seis artículos y una disposición transitoria con los siguientes objetivos prioritarios: ampliar la gratuidad de las 6 a las 8 horas de atención educativa, extenderla a todos los usuarios, residan o no en el Ayuntamiento; eliminar coste de referencia de la plaza escolar, a partir de ahora determinado por la oferta de precio de licitación; y adaptar otros aspectos del Reglamento a la normativa de la Xunta, órgano competente en esta materia.

*Destas modificacións, a que terá impacto no orzamento municipal é a referida ao incremento de 6 a 8 horas da xornada escolar, xa que supón un aumento do custo dos contratos de xestión das escolas, que o calculaban a partir das 6. Noutras palabras, a razón da modificación proposta é consecuencia directa da Lei 18 do 21,*

De estas modificaciones, la que tendrá impacto en el presupuesto municipal es la referida al incremento de 6 a 8 horas de la jornada escolar, ya que supone un aumento del coste de los contratos de gestión de las escuelas, que lo calculaban a partir de las 6. En otras palabras, la razón de la modificación propuesta es consecuencia directa de la Ley 18 del 21,

*do 27 de decembro, da Xunta, que establece a gratuidade na etapa de 0 a 3 con efectos desde o comezo deste curso escolar, do 22-23, e no marco dunha serie de medidas para posibilitar o impulso demográfico e a conciliación. E isto foi entendido así pola inmensa maioría das escolas infantís autonómicas, municipais e privadas de Galicia, que ofertaban ás familias as 8 horas gratuítas desde o inicio deste curso escolar, deixando ao Concello desta cidade co paso cambiado e en terreo de ninguén.*

de 27 de diciembre, de la Xunta, que establece la gratuidad en la etapa de 0 a 3 con efectos desde el comienzo de este curso escolar, del 22-23, y en el marco de una serie de medidas para posibilitar el impulso demográfico y la conciliación. Y esto fue entendido así por la inmensa mayoría de las escuelas infantiles autonómicas, municipales y privadas de Galicia, que ofertaban a las familias las 8 horas gratuitas desde el inicio de este curso escolar, dejando al Ayuntamiento de esta ciudad con el paso cambiado y en terreno de nadie.

*A Orde posterior do 22 de xullo estableceu as bases para a concesión destas axudas en dúas liñas que foron solicitadas na Xunta de Goberno polo Concello ao límite do prazo por un valor de 1.100.000 € aproximadamente. Non só a liña 2, referida á bonificación do 100 % do prezo correspondente ás 8 horas de atención educativa, tamén na liña 1, axudas para gastos de mantemento, persoal, alimentación e outros gastos xerais. A principios de setembro, cero, e ao final, a finais de mes, o infinito, parafraseando a Koestler, todo isto en menos de 30 días.*

La Orden posterior del 22 de julio estableció las bases para la concesión de estas ayudas en dos líneas que fueron solicitadas en la Junta de Gobierno por el Ayuntamiento al límite del plazo por un valor de 1.100.000 € aproximadamente. No solo la línea 2, referida a la bonificación del 100 % del precio correspondiente a las 8 horas de atención educativa, también en la línea 1, ayudas para gastos de mantenimiento, personal, alimentación y otros gastos generales. A principios de septiembre, cero, y al final, a finales de mes, el infinito, parafraseando a Koestler, todo esto en menos de 30 días.

*Unha digresión, porque vén a conto. O problema, señor Lage non son quen se pasea polos colexios, senón ao contrar..., para escoitar á comunidade educativa, senón ao contrario, son os que non os pisan e descoñecen cales son as súas competencias.*

Una digresión, porque viene a cuento. El problema, señor Lage no son quienes se pasean por los colegios, sino al contrar..., para escuchar a la comunidad educativa, sino al contrario, son los que no los pisan y desconocen cuáles son sus competencias.

*E unha suxestión: este máis de millón de euros que vostedes van aforrar, poden aproveitalos para poñer orde dunha vez por todas e licitar o contrato de mantemento dos máis de 20 centros públicos da cidade, que o teñen fornecido con toda unha serie interminable de contratos menores*

Y una sugerencia: este más de millón de euros que ustedes van a ahorrar, pueden aprovecharlos para poner orden de una vez por todas y licitar el contrato de mantenimiento de los más de 20 centros públicos de la ciudad, que lo tienen suministrado con toda una serie interminable de contratos menores

*adxudicados a dedo. Esta é outra suxestión, se mo permite.*

*En consecuencia, asistimos ao final da escapada. Aínda así, benvido sexa este golpe de temón, esta rectificación de rumbo por parte do Goberno local. O único importante agora é que, grazas ás axudas da Xunta, esta gratuidade beneficiará directamente ás familias de 697 nenos de 0 a 3 anos que a data de hoxe están escolarizados na REIM. Con esta rectificación tardía do Regulamento vai eliminar unha situación de privilexio e discriminación entre familias da mesma cidade. Con esta rectificación as familias coruñesas da REIM poderán exercer plenamente o seu dereito de forma gratuíta durante as 8 horas coincidentes co horario laboral que xa desde o pasado setembro gozan as familias da Xunta. E isto é, insisto, o único verdadeiramente importante. E o problema é que estes bandazos na xestión dos dereitos e intereses destas familias, esta fuxida cara a adiante ten a día de hoxe tres danos colaterais que van ter que resolver rápido.*

*O primeiro é que polo camiño sufrimos o recorte dunha escola e o 12 % das prazas municipais, case 100 prazas que no pasado 1 de setembro, cando vostedes informáronlles que non ían solicitar as axudas da Xunta para este curso escolar, señor Lage, esta escola preferiu ofertar ás familias 8 horas gratuítas autonómicas fronte ás 6 municipais. Sacan peito como defensores da pública, pero provocan a saída de 100 familias da rede municipal.*

*O segundo é que esta falta de previsión xera unha incerteza xurídica e económica, xa que pode ocorrer que as empresas concesionarias teñan que*

adjudicados a dedo. Esta es otra sugerencia, si me lo permite.

En consecuencia, asistimos al final de la escapada. Aún así, bienvenido sea este golpe de timón, esta rectificación de rumbo por parte del Gobierno local. Lo único importante ahora es que, gracias a las ayudas de la Xunta, esta gratuidad beneficiará directamente a las familias de 697 niños de 0 a 3 años que a fecha de hoy están escolarizados en la REIM. Con esta rectificación tardía del Reglamento se va a eliminar una situación de privilegio y discriminación entre familias de la misma ciudad. Con esta rectificación las familias coruñesas de la REIM podrán ejercer plenamente su derecho de forma gratuita durante las 8 horas coincidentes con el horario laboral que ya desde el pasado septiembre disfrutan las familias de la Xunta. Y esto es, insisto, lo único verdaderamente importante. Y el problema es que estos bandazos en la gestión de los derechos e intereses de estas familias, esta huida hacia adelante tiene a día de hoy tres daños colaterales que van a tener que resolver rápido.

El primero es que por el camino hemos sufrido el recorte de una escuela y el 12 % de las plazas municipales, casi 100 plazas que en el pasado 1 de septiembre, cuando ustedes les informaron que no iban a solicitar las ayudas de la Xunta para este curso escolar, señor Lage, esta escuela prefirió ofertar a las familias 8 horas gratuitas autonómicas frente a las 6 municipales. Sacan pecho como defensores de la pública, pero provocan la salida de 100 familias de la red municipal.

El segundo es que esta falta de previsión genera una incertidumbre jurídica y económica, ya que puede ocurrir que las empresas concesionarias tengan que

*ofertar as 8 horas gratuítas sen ter aprobada a modificación dos seus contratos, como xa lles está avisando a Intervención municipal.*

*E a terceira é unha pregunta coa que acabo. Hoxe imos aprobar as modificacións a un regulamento que terá un prazo de 30 días hábiles para alegacións. En consecuencia, ata mediados ou finais de xaneiro non entrará en vigor. Van vostedes a compensar economicamente ás familias que desde o inicio do curso tiveron que pagar as horas que non eran gratuítas nas escolas infantís municipais?*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Varela.

Pecha este debate o señor Lage.

**Señor Lage Tuñas**

Señor Varela, espíritu navideño si, pero jeta non se pode ter tanta como a que tuvo vostede na súa intervención, dígollo así de claro. A Orden da Xunta, a Orden da Xunta, a primeira orden da Xunta que quitan, sabe para quen é? Para as escuelas privadas, o 20 de junio. Como se pode ter tanta desfachatez a vir agora a falar de educación cando están continuamente minando o ensino público? Que podemos emplear un millón de euros... Non, non, mire: o que poden é facerse cargo das competencias autonómicas. Vese ben que non teñen moito interese en gobernar este concello.

Teñen interese en a ver se manteñen o corralito montado noutro sitio, claramente, claramente. A Rede de Escolas Municipais foi creada por un

ofertar las 8 horas gratuitas sin tener aprobada la modificación de sus contratos, como ya les está avisando la Intervención municipal.

Y la tercera es una pregunta con la que acabo. Hoy vamos a aprobar las modificaciones a un reglamento que tendrá un plazo de 30 días hábiles para alegaciones. En consecuencia, hasta mediados o finales de enero no entrará en vigor ¿Van ustedes a compensar económicamente a las familias que desde el inicio del curso tuvieron que pagar las horas que no eran gratuitas en las escuelas infantiles municipales?

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Varela.*

*Cierra este debate el señor Lage.*

***Señor Lage Tuñas***

*Señor Varela, espíritu navideño sí, pero jeta no se puede tener tanta como la que tuvo usted en su intervención, se lo digo así de claro. La Orden de la Xunta, la Orden de la Xunta, la primera orden de la Xunta que sacan, ¿sabe para quién es? Para las escuelas privadas, el 20 de junio ¿Cómo se puede tener tanta desfachatez a venir ahora a hablar de educación cuando están continuamente minando la enseñanza pública? Que podemos emplear un millón de euros... No, no, mire: lo que pueden es hacerse cargo de las competencias autonómicas. Se ve bien que no tienen mucho interés en gobernar este ayuntamiento.*

*Tienen interés en ver si mantienen el corralito montado en otro sitio, claramente, claramente. La Red de Escuelas Municipales fue creada por un*

goberno socialista. Que me fala vostede de cero, cero? Fáltalle cero, cero e algo máis, supoño. O que ten feito o Partido Popular por esta cidade é 0,0 e seguramente poda poñer algo máis. Cales son as escolas infantís que vostedes construíron e en canto tempo? Que me está contando? Aquí o único que se fixo en materia de escolas infantís municipais o fixo o Partido Socialista, señor Varela. Si, si, como que non?

*gobierno socialista ¿Qué me dice usted de usted de cero, cero? Le falta cero, cero y algo más, supongo. Lo que ha hecho el Partido Popular por esta ciudad es 0,0 y seguramente pueda poner algo más ¿Cuáles son las escuelas infantiles que ustedes construyeron y en cuánto tiempo? ¿Qué me está contando? Aquí lo único que se hizo en materia de escuelas infantiles municipales lo hizo el Partido Socialista, señor Varela. Sí, sí, ¿cómo que no?*

Vostedes, sabe cando quitan as axudas para a rede pública? A finais de xullo. Vostede sabe, porque é un profesional da educación e séntalle bastante mal xogar a ser demagogo, pero vostede é unha persoa rigurosa, vostede sabe cando se planifica o curso. De que me está falando?

*Ustedes, ¿sabe cuándo sacan las ayudas para la red pública? A finales de julio. Usted sabe, porque es un profesional de la educación y le sienta bastante mal jugar a ser demagogo, pero usted es una persona rigurosa, usted sabe cuándo se planifica el curso ¿De qué me está hablando?*

Primeiro deciden os cartos que lle dan á privada, 20 de xuño. Están aí as órdenes no Diario Oficial de Galicia. Por que quitan antes o das privadas, señor Varela? Cuestión de prioridades. Onde está a prioridade do Partido Popular? Nas privadas, porque se estivera nas públicas, por que non o publicaron un mes antes? Era moi fácil. Ten algunha explicación? *Nin a primeira, claro.*

*Primero deciden el dinero que le dan a la privada, 20 de junio. Están ahí las órdenes en el Diario Oficial de Galicia. ¿Por qué sacan antes lo de las privadas, señor Varela? Cuestión de prioridades. ¿Dónde está la prioridad del Partido Popular? En las privadas, porque si estuviera en las públicas, ¿por qué no lo publicaron un mes antes? Era muy fácil. ¿Tiene alguna explicación?* Ni la primera, claro.

Agora, eu entendo que o señor Lorenzo poda visitar un centro educativo e que coñeza ou que non coñeza, ou que descoñeza. Bueno, supoño que sendo *senador do Reino de España* non ten por que descoñecer, pero bueno, en calquera caso, ninguén está libre de non tal. Eu, hai moitas cousas que as descoñezo, aprendo tódolos días. Agora, con vostede diante, cre que se pode dicir que no CEIP María Pita é o Concello o que ten que facer comedores? *Di*: *hai problemas por pasividade municipal, o comedor é*

*Ahora, yo entiendo que el señor Lorenzo pueda visitar un centro educativo y que conozca o que no conozca, o que desconozca. Bueno, supongo que siendo* senador del Reino de España *no tiene por qué desconocer, pero bueno, en cualquier caso, nadie está libre de no tal. Yo, hay muchas cosas que las desconozco, aprendo todos los días. Ahora, con usted delante, ¿cree que se puede decir que en el CEIP María Pita es el Ayuntamiento el que tiene que hacer comedores?* Dice: hay problemas por pasividad municipal, el comedor es pequeño.

*pequeno.*

Pero teñen... Pero como se pode ter tanta cara? Pero onde está a Xunta de Galicia? se a Xunta de Galicia... Que se dedican, a ser tertulianos, comentaristas do que vai a facer ou deixa de facer o Goberno de España e do que fai o Goberno municipal da Coruña? U-las competencias da Xunta? Que é o que fan vostedes? Teñen 11.500 millóns de euros para administrar na Comunidade Autónoma. Por certo, competencias exclusivas en educación. E *di*: *o comedor é pequeno, hai que saltar o valado para non sei que cousa. Di: carpa que apenas cobre da chuvia.*

*Pero tienen... Pero ¿óomo se puede tener tanta cara? Pero ¿dónde está la Xunta de Galicia? si la Xunta de Galicia... Que se dedican, ¿a ser tertulianos, comentaristas de lo que va a hacer o deja de hacer el Gobierno de España y de lo que hace el Gobierno municipal de A Coruña? ¿Dónde están las competencias de la Xunta? ¿Qué es lo que hacen ustedes? Tienen 11.500 millones de euros para administrar en la Comunidad Autónoma. Por cierto, competencias exclusivas en educación. Y* dice: el comedor es pequeño, hay que saltar la valla para no sé qué cosa. Dice: carpa que apenas cubre de la lluvia.

Home, señor Lorenzo, mire ben quen lle escribe estas cousas. O que haberá é unha pérgola, porque carpa, carpa no María Pita... Eu vou por alí tódolos días e non vin ningunha carpa, eh?

*Hombre, señor Lorenzo, mire bien quién le escribe estas cosas. Lo que habrá es una pérgola, porque carpa, carpa en el María Pita... Yo voy por allí todos los días y no vi ninguna carpa, ¿eh?*

Quero dicir, eso todo co señor Varela diante. Co señor Varela podemos discrepar ideoloxicamente, pero é un magnífico profesional no ámbito da educación. E se quedan tan anchos.

*Quiero decir, eso todo con el señor Varela delante. Con el señor Varela podemos discrepar ideológicamente, pero es un magnífico profesional en el ámbito de la educación. Y se quedan tan anchos*

A que veñen? Dar leccións de que? Ah! preocúpanlle agora as concesionarias das escolas infantís municipais? Pero non se preocupe. Nós podiamos non tomar a decisión neste curso, pero tomámola e acordámola. Parece que lle fastidie que se pase de 6 a 8 horas. Non estabamos todos de acordo en facelo? Que quere, que nos saltemos os trámites que hai que facer para iso? Parece que quixera que nos saltáramos os trámites. Non nos vamos a saltar trámites ningúns e vamos a facelo todo o antes posible.

*¿A que vienen? ¿Dar lecciones de qué? ¡Ah! ¿le preocupan ahora las concesionarias de las escuelas infantiles municipales? Pero no se preocupe. Nosotros podíamos no tomar la decisión en este curso, pero la tomamos y la acordamos. Parece que le fastidie que se pase de 6 a 8 horas ¿No estábamos todos de acuerdo en hacerlo? ¿Qué quiere, que nos saltemos los trámites que hay que hacer para eso? Parece que quisiera que nos saltáramos los trámites. No nos vamos a saltar trámite alguno y vamos a hacerlo todo lo antes posible.*

O que lles falta a vostedes por explicar

*Lo que les falta a ustedes por explicar es*

é por que a Xunta de Galicia financia o doble a plaza nunha privada que nunha pública. Canto aporta a Xunta de Galicia por unha praza pública? 169 €, señor Varela. Si ou non? Se é mentira, diga que é mentira. O que estou decindo é así, verdade? E entonces, por que na privada aporta case 300 €? Teñen algunha explicación para esto? Ou é que os que levamos os nosos nenos á escola pública temos que recibir un financiamento case da metade? Cuestión de prioridades: vostedes financian as prazas no ensino privado o doble que no público.

*por qué la Xunta de Galicia financia el doble la plaza en una privada que en una pública ¿Cuánto aporta la Xunta de Galicia por una plaza pública? 169 €, señor Varela. ¿Sí o no? Si es mentira, diga que es mentira. Lo que estoy diciendo es así, ¿verdad? Y entonces, ¿por qué en la privada aporta casi 300 €? ¿Tienen alguna explicación para esto? ¿O es que los que llevamos nuestros niños a la escuela pública tenemos que recibir una financiación casi de la mitad? Cuestión de prioridades: ustedes financian las plazas en la enseñanza privada el doble que en la pública.*

Verdade que vostede, que é un profesional da educación pública, ten moi difícil explicar por que lle dan case 300 € a unha escuela privada e nos dan ás escolas públicas, que suplimos á Xunta de Galicia... Quero recordarlle que foron os gobernos de Francisco Vázquez nesta cidade, os gobernos socialistas, señor Varela, os que puxeron en marcha a Rede de Escolas Infantís Municipais, non foi a Xunta de Galicia nin o Partido Popular. Por que lle pagan ás privadas o doble do que lle dan á rede pública? Cri, cri, cri. *Non hai resposta*. Por que? Pois moi evidente: vostedes benefician a aqueles ós que defenden. A vostedes o ensino público non lles importa nada de nada, e o exemplo está aí, o exemplo está aí. Se algún día ten a oportunidade, explíquenos por que lle dan o doble ás privadas que ás públicas.

*Verdad que usted, que es un profesional de la educación pública, tiene muy difícil explicar por qué le dan casi 300 € a una escuela privada y nos dan a las escuelas públicas, que suplimos a la Xunta de Galicia... Quiero recordarle que fueron los gobiernos de Francisco Vázquez en esta ciudad, los gobiernos socialistas, señor Varela, los que pusieron en marcha la Red de Escuelas Infantiles Municipales, no fue la Xunta de Galicia ni el Partido Popular. ¿Por qué le pagan a las privadas el doble de lo que le dan a la red pública? Cri, cri, cri.* No hay respuesta *¿Por qué? Pues muy evidente: ustedes benefician a aquellos a los que defienden. A ustedes la enseñanza pública no les importa nada de nada, y el ejemplo está ahí, el ejemplo está ahí. Si algún día tiene la oportunidad, explíquenos por qué le dan el doble a las privadas que a las públicas.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, moitas grazas, señor Lage.

*Bien, muchas gracias, señor Lage.*

Remata aquí o debate deste asunto número seis e procedemos xa á votación

*Finaliza aquí el debate de este asunto número seis y procedemos ya a la*

do mesmo.

votación del mismo.

**Votación do asunto número seis**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número seis referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

**Presidencia**

Moitas grazas.

Queda aprobado por unanimidade da Corporación.

**Acordo**

**Primeira**.- Aprobar inicialmente as modificacións ao Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís integrantes da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña.

**Segunda**.- Publicar o texto aprobado no taboleiro de edictos municipal e no Boletín Oficial da Provincia a efectos

***Votación del asunto número seis***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número seis referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Queda aprobado por unanimidad de la Corporación.*

***Acuerdo***

***Primera**.- Aprobar inicialmente las modificaciones al Reglamento de organización y funcionamiento de las Escuelas Infantiles integrantes de la Red de Escuelas Infantiles Municipales del Ayuntamiento de A Coruña.*

***Segunda**.- Publicar el texto aprobado en el tablón de edictos municipal y en el Boletín Oficial de la Provincia a efectos*

de información pública e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

*de información pública y audiencia a los interesados por el plazo de 30 días para la presentación de reclamaciones y sugerencias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Remata aquí o Pleno extraordinario. Grazas a todas e a todos, que teñan un bo día.

*Finaliza aquí el Pleno extraordinario. Gracias a todas y a todos, que tengan un buen día.*

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás once horas e cincuenta e catro minutos, a Presidencia remata a sesión, e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

*No habiendo más asuntos que tratar, a las once horas y cincuenta y cuatro minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.*